

POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIO NATURAL DE SANDE Y DÍAZ, S.L.

Dende SANDE Y DÍAZ, S. L., empresa dedicada á comercialización, mantemento e instalación de equipos industriais relacionados coas tecnoloxías da auga, no noso afán de seguir mellorando día a día, sempre dende o máximo respecto ao medio natural, implantamos un Sistema de Xestión Integrado de Calidade e Medio Natural baseado nas Normas **ISO 9001:2008** e **ISO 14001:2004**. Como mostra do noso compromiso, redactamos e publicamos a nosa Política de Calidade e Medio Natural, declarando os principios e obxectivos que rexen a nosa actividade:

- Coñecer, analizar e satisfacer as necesidades e expectativas dos nosos clientes.
- Previr as causas que poidan dar orixe a posibles non conformidades.
- Potenciar a eficacia dos recursos humanos e tecnolóxicos para asegurar a calidade dos nosos traballos.
- Mellorar de forma continúa a calidade dos nosos servizos, así como a nosa actitude fronte aos impactos ao medio natural que xera a nosa actividade.
- Previr a contaminación que puidera xerar a actividade da nosa empresa.
- Optimización dos recursos naturais esgotables, facendo especial fincapé na reutilización de residuos inertes, así como na axeitada xestión doutros residuos.
- Cumprir coa lexislación vixente que sexa de aplicación, así como respectar acordos voluntarios adoptados ou requisitos provintes dos nosos clientes.
- Promover a Xestión de Calidade e a Mellora Continua a todo o persoal, en todos os niveis e en todos os procesos da Empresa.

Esta Política afecta e é responsabilidade de todos e cada un dos integrantes da organización, e serve como marco de referencia para o establecemento de obxectivos. Polo que a Dirección require a todo o persoal para que cumpra con este compromiso, participando todos e cada un coa responsabilidade que lle corresponda segundo o seu posto na organización da empresa.

Por iso é comunicada a toda a empresa, para o seu coñecemento, comprensión e cumprimento e está a disposición de toda persoa ou entidade que o solicite. Ademais, revísase, analizándoa e actualizándoa para a súa continua adecuación.

A Coruña, maio de 2013



Asdo.: Pablo Sande,
A Dirección
SANDE Y DÍAZ, S.L.